



Abraham Pérez gaña o VIII Certame de Poesía Torre de Caldaloba con 'Chernóbil Revival'

[Cospeito](#) LugoXa | TerraChaXa

A entrega de premios celebrouse este sábado ao mediodía na Biblioteca Rural San Martiño de Pino

23 de novembro de 2025

<https://terrachaxa.com/news/abraham-perez-gana-o-viii-certame-de-poesia-torre-de-caldaloba-con-chernobil-revival/110063/>

Abraham Pérez resultou gañador do VIII Certame de Poesía Torre de Caldaloba coa obra *Chernóbil revival*, que obtivo o primeiro premio dotado con 1.500 euros e coa edición do poemario. A obra *Corpo da palabra*, de Rafael Catoira, foi recoñecida cun accésit, que implica tamén a súa publicación.

A entrega de premios celebrouse este sábado ao mediodía na Biblioteca Rural San Martiño de Pino. O certame está convocado polo Concello de Cospeito e pola Asociación Recreativa e Cultural de San Martiño de Pino, coa colaboración de Culturalia GZ e da Xunta de Galicia.

O xurado desta edición, integrado por Armando Requeixo, Adolfinia Mesa e Xosé Otero Canto, coa presenza de Martiño Maseda con voz pero sen voto, reuniuse para deliberar e determinar o fallo. Tras o proceso de valoración, acordaron outorgar o primeiro premio á obra de Pérez e o accésit ao traballo de Catoira.

Do poemario *Chernóbil revival*, o xurado salientou o propósito compositivo, no que combina a prosa poética cunha estrutura versal máis clásica, e a intención de tender pontes entre espazos interiores e exteriores mediante un xogo constante de imaxes vibrantes. Destacouse tamén o seu carácter de tránsito por lenzos abstractos que desembocan nun corpus de reivindicación existencialista fronte ao cataclismo que se proxecta sobre o tempo da vida.

Sobre *Corpo da palabra*, os membros do xurado subliñaron que, a partir dunha estrutura máis clásica ca do poemario gañador, a obra constitúe un reclamo emocional da linguaxe e da palabra na súa esencia máis íntima, empregadas como expresión configuradora dunha realidade que nos envolve e nos afecta. O texto é definido como unha exaltación do ser a través do gume afiado da palabra, que raspa e define.

O 13 de decembro terá lugar no Museo das Aves de Cospeito a presentación das obras de Fran Fernández Dávila e Amauta Castro.